

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT01	Cociña e gastronomía	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0050	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA ALONSO ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Estas persoas desenvolven a súa actividade profesional en empresas grandes, medianas e pequenas, nomeadamente do sector de hostalaría, aínda que tamén poden traballar por conta propia en pequenos establecementos do subsector de restauración.

Esta profesión desenvólvese en sectores e subsectores produtivos e de prestación de servizo onde se desenvolvan procesos de preelaboración, elaboración e, de ser o caso, servizo de alimentos e bebidas, como é o sector de hostalaría e, no seu seo, as subáreas de hotelaría e restauración (tradicional, moderna e colectiva).

Tamén en establecementos dedicados á preelaboración e á comercialización de alimentos crus, tendas especializadas en comidas preparadas, empresas dedicadas á almacenaxe, ao envasado e á distribución de produtos alimentarios, etc.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Cociñeiro/a.
- Xefe/a de partida.
- Empregado/a de economato de unidades de produción e servizo de alimentos e bebidas

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio	Espíritu emprendedor. A idea de negocio. innovación e creatividade. O plan de empresa	12	15
2	A empresa e o seu contorno	O contorno xeral e específico da empresa. Análise DAFO. Responsabilidade social corporativa. Plan de produción. Plan de marketing	15	20
3	Formas xurídicas da empresa	Análise das diferentes formas xurídicas de empresa. Trámites de constitución e posta en marcha. Axudas e subvencións	6	10
4	Viabilidade económico- financeira	Fontes de financiamento. Obrigas fiscais e contables. Principais documentos de xestión administrativa e comercial	12	15
5	O plan de empresa	Exposición do proxecto empresarial	8	40

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da cociña e restauración.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da cociña e restauración, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de cociña e restauración (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
Cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector da cociña e restauración.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.

Contidos
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da cociña e restauración.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu contorno	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de cociña e restauración en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa cociña e restauración e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de cociña e restauración, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.

Criterios de avaliación

CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.

CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

CA2.11 Descríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de cociña e restauración, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos
Contidos

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de cociña e restauración: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de cociña e restauración: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Formas xurídicas da empresa	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da cociña e da restauración.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas da cociña e restauración tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal da persoa empresaria.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Contidos
<p>Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</p> <p>Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</p> <p>Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de cociña e restauración.</p> <p>Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Viabilidade económico- financeira	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa cociña e restauración, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidación)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da cociña e restauración.</p> <p>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de cociña e restauración: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O plan de empresa	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

Criterios de avaliación

CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.5.e) Contidos
Contidos

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da cociña e restauración.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
5.1 Mínimos exixibles

A avaliación da aprendizaxe ten como finalidade determinar en que medida foron logrados os resultados de aprendizaxe (RA). Os RA están divididos en Criterios de Avaliación (CA). Para comprobar se o alumnado alcanzou os RA, utilizamos os CA, que nos indican a profundidade coa que temos que traballar os contidos para que eses RA sexan alcanzados.

Os CA divídense entre mínimo exixible e mínimo non exixible. Que un criterio sexa mínimo ou non, dependerá do criterio do docente. Esta diferenza entre CAs será indicado en cada Unidade Didáctica:

Os mínimos exixibles, deben de ser considerados como as aprendizaxes imprescindibles que debe adquirir o alumnado para conseguir o correspondente RA. O peso da unidade debe recaer nestes mínimos exixibles, polo que a suma dos seus pesos debe ser igual o superior ao 50%.

Os mínimos non exixibles, complementaran os coñecementos da unidade

5.2 Criterios de cualificación

As cualificacións obtidas polo alumno/a expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais. Para superar o módulo, o alumnado deberá alcanzar un mínimo en tódalas unidades, para isto é necesario:

Sacar como mínimo un 50% en tódolos CA marcados como mínimo na unidade.

Sacar unha nota mínima de 5 puntos en cada unidade.

En caso de aprobar a unidade (numéricamente) pero ter algún CA marcado como mínimo exixible suspenso, a nota da unidade será un 4. O/a alumno/a terá que recuperar soamente ese CA, gardando a nota do resto. No momento en que se recupere o CA, asignarase á unidade correspondente a nota en función dos pesos de cada CA.

Para realizar a valoración dos CA, o docente dispón dunha serie de instrumentos de avaliación. A nota de cada unidade será o resultado de sumar a nota obtida en cada CA polo peso de cada criterio na unidade. A nota do trimestre será a media ponderada ao peso de cada unidade que se imparta en dito trimestre. A nota final do curso, será o resultado de multiplicar o resultado de cada unidade polo peso asignado a cada unha. A nota da primeira avaliación é meramente informativa.

Os criterios de avaliación serán valorados mediante unha serie de instrumentos de avaliación:

Proba escrita. Consisten xeralmente na realización de cuestionarios, exercicios de cálculo, supostos prácticos, preguntas de resposta curta ou extensa, realización de debuxos, gráficos e esquemas, etc., ou na realización de probas orais.

Lista de cotexo. Son un tipo de táboa de indicadores que, para os efectos deste procedemento, se propón con carácter xeral para avaliar as evidencias de produto que o alumnado debe producir (obxectos ou documentos).

Táboa de observación. Propóñense para a avaliación de evidencias de desempeño. Nestas táboas, os indicadores describen comportamentos observables relacionados con competencias persoais e sociais do alumnado (competencias emocionais), ou operacións (agrupadas ou non en procesos) que debe realizar o alumnado.

Os CA mínimos exixibles serán avaliados preferentemente mediante proba escrita. Isto non implica que algún CA mínimo sexa avaliado con outro instrumento de avaliación. Neste caso o docente o anunciará na clase coa anterioridade suficiente. Os CA marcados como mínimos non exixibles serán avaliados preferentemente con lista de cotexo ou taboa de observación.

Na realización das probas obxetivas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer dispositivo de comunicación do alumnado co exterior, exceptuando que o docente o permita de forma puntual (por motivos pedagóxicos).

Sen prexuízo das medidas disciplinarias axeitadas, aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas obxetivas, fose sorprendido copiando ou utilizando materiais non autorizados na realización das probas, será cualificado como cero e non terá dereito á repetición da proba.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación:

Cando unha persoa non aprobe un RA (ou máis) deberá recuperalos. As razóns da non superación dos RA poden ser:

Non ter superado un (o máis) criterios de avaliación mínimos nunha unidade didáctica.

Non ter superado a unidade ao non obter unha cualificación de 5 puntos.

En ámbolos casos, o docente determinará un plan específico para a súa recuperación. No caso de que sexa un mínimo exigible, realizarase ao final do trimestre ou inicio do seguinte, e se é mínimo non exigible, realizarase durante o mesmo. Este plan virá determinado polo/s criterio/s de avaliación suspensos e porá consistir:

Se é un mínimo exigible, na realización dunha proba escrita (teórica ou práctica)

Se é un mínimo non exigible, poderá ser a visualización dun vídeo con preguntas intercaladas nel, na repetición dun exercicio mal realizado, na entrega de novas actividades con distintas tarefas de reforzo...

Estas novas actividades de recuperación, poderán ser avaliadas independentemente do instrumento establecido con anterioridade, é dicir, un criterio avaliado primeiramente cunha táboa de observación, poderá ser avaliado para a súa recuperación a través dunha proba escrita.

De non recuperar os RA suspensos, o alumnado que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente, poderá recuperalo no período de marzo a xuño. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados.

Rematado este proceso, no caso de que o alumno/a non recuperara o CA suspenso, terá que recuperalo na avaliación extraordinaria a través dunha proba escrita que poderá basearse en preguntas teóricas ou prácticas.

Para superalo módulo pendente o alumnado deberá aprobar todos os CA marcados como mínimos exigibles.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A orde de 12 de xullo de 2011, establece no seu artigo 25.5 o dereito, por parte do alumnado que perdesse a avaliación continua, a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final dos módulos correspondentes. A maiores, a resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, establece no seu artigo 3, que o número de faltas que implica a perda da avaliación continua nun determinado módulo, será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación de faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro (tamén denominadas como normas de organización e funcionamento (NOF))

A avaliación extraordinaria, consistirá en dúas partes:

1. Realización dunha primeira proba escrita, onde se avaliarán, polo menos, os CA marcados como mínimo esixible que teñan un desenvolvemento teórico. Poderá comprender preguntas tipo test ou de resposta curta.
2. Realización dunha segunda proba escrita, na que se avaliarán, polo menos, os CA marcados como mínimo esixible que teñan un desenvolvemento práctico ou relacionados co plan de empresa.

Para aprobar o módulo, o alumnado deberá superar cada unha das partes anteriores (que estarán baseadas nos mínimos exixibles establecidos na programación).

O alumnado coñecerá con anterioridade ao exame, que CAs corresponden a cada parte. Para realizar a proba, o alumnado deberá levar un bolígrafo azul ou negro e unha calculadora non programable (para a parte práctica). Disporá de dúas horas e media para realizar o exame.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico. Desta forma, modificaranse aqueles aspectos que tras a súa posta en práctica, non sexan adecuados para o alcance dos RA por parte do alumnado.

O seguimento da programación por parte do docente realizarase ao final de cada unidade(ou mensualmente no caso de unidades superiores a esta medida temporal), reflectindo as variacións realizadas respecto á programación orixinal, na aplicación informática disposta pola administración. Estas variacións serán tidas en conta para as programacións dos próximos cursos, tanto para a súa mellora, como para a práctica docente. A maiores, e como establece o artigo 23.5 da orde de 12 de xullo de 2011, cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, e reflectirá no acta de devandita reunión, o grao de cumprimento con respecto á programación inicial, e a xustificación razoada en caso de desviacións.



A práctica docente será avaliada de forma trimestral e anual, a través dun cuestionario que será entregado ao alumnado e que este responderá de forma anónima. Algún dos aspectos que figuran neste cuestionario, son:

- Desenvolvemento da práctica docente.
- Desenvolvemento das clases.
- Adecuación da esixencia do módulo.
- Clima en clase.
- ...

Por outra banda, serán tidos en consideración os resultados das enquisas que a administración realiza ao alumnado sobre o docente e a súa práctica como tal.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na Orde do 12 de xullo de 2011, no artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Nesta xuntanza a persoa titora informará sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, do alumnado que o compón.

Ademais, a persoa responsable de orientación aportará a información que corresponda, de ser o caso, sobre alumnado de necesidades específicas de apoio educativo que exista no grupo.

No que se refire ao módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora, durante os primeiros días de clase o alumnado realizará un cuestionario individual no que deberá responder a preguntas sobre: expectativas respecto ao ciclo e ao módulo, conceptos básicos, análise dalgún contido, etc. Esta avaliación é meramente informativa e servirá para determinar o punto de partida do alumnado e as súas necesidades formativas a nivel individual.

É habitual atoparse con alumnado que decide aumentar e actualizar a súa formación para incrementar as posibilidades de atopar emprego. Estes carrexan unha serie de dificultades diferentes ao alumnado que provén do sistema educativo, como por exemplo as dificultades no manexo de ferramentas informáticas. Con esta avaliación inicial, tamén pretendo detectar esta realidade, xunto co seu hábito de traballo e motivación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co sinalado no Decreto 229/2011, por atención á diversidade se entende o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado (art. 3). Esta resposta educativa deberá rexirse polos principios de:

- Normalización e inclusión,
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación
- Flexibilidade e accesibilidade
- Interculturalidade e promoción da convivencia
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Estas medidas poden ser de carácter ordinario ou extraordinario:

As medidas ordinarias permiten adecuar o currículo sen unha alteración significativa dos obxectivos e criterios de avaliación. No caso de Formación Profesional, o carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un reforzo educativo personalizado, determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica. Ademais, empregaremos metodoloxías que promovan a atención á diversidade. Por outra banda, empregaremos actividades de ensino-aprendizaxe variadas e, de ser posible, con diferente nivel de dificultade. Utilizaranse recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet) para unha mellor comprensión por parte do alumnado. Inclúiranse actividades de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que ao final da secuencia non acaden as capacidades previstas. Do mesmo xeito artéllanse actividades de ampliación, de investigación ou afondamento para aquel alumnado con maior capacidade de aprendizaxe

As medidas extraordinarias requiren modificacións significativas do currículo ordinario ou, como na FP, cambios esenciais no ámbito organizativo. No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, e as necesidades de apoio específico así o xustifican, o equipo docente poderá propoñer a través da titoría e o departamento de Orientación a solicitude de flexibilización modular, tal como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. Esta medida implica cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. Deberá ter a conformidade expresa do alumno/a se é maior de idade -dos seus títulos legais en caso contrario- e ser presentada ante o servizo de inspección educativa antes do 31 de outubro.

No caso do alumno con dificultades específicas teremos en conta as suxestións metodolóxicas aportadas polo departamento de orientación. Co alumnado que presenta condicións de trastorno de espectro autista procuraremos evitarlles sorpresas, anticipando información sobre as actividades especiais ou os cambios de horario. Insistiremos no uso de axendas ou cadernos de organización de actividades, e nos exames, en caso de resultarles beneficioso e de ser posible, optaremos por probas de preguntas curtas ou tipo test.

Por outra banda, nos remitiremos ás suxestións e protocolos recollidos en Educonvive (Educonvives.gal) sobre convivencia e igualdade.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O artigo 121 da LOMCE establece o Proxecto educativo de centro e marca as liñas de contido que debe de seguir. Ademais o artigo 1.3.c, establece como principios do sistema educativo español:

¿c) La transmisión y puesta en práctica de valores que favorezcan la libertad personal, la responsabilidad, la ciudadanía democrática, la solidaridad, la tolerancia, la igualdad, el respeto y la justicia, así como que ayuden a superar cualquier tipo de discriminación.¿

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando os distintos bloques de contidos do módulo. Desta maneira, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea á transmisión de coñecementos. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, oa Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns deses valores deberán ser transmitidos de maneira transversal:

-Educación ambiental, relacionada co bloque de contidos de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara a favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

-Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co bloque de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitarei este contido curricular para facer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, non soamente laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

-Educación para a Saúde, presente en todo o bloque de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

-Igualdade de oportunidades / Rechazo do Sexismo / Multiculturalidade, a igualdade no acceso ao emprego é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal adecuada, ao longo de todo o curso transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias dirixidas ao fomento do espírito emprendedor.

Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas polo centro ou por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.

Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa IDEA dentro do Plan Eduemprende (consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria) e o programa DEpoemprende (Deputación de Pontevedra). A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interese dos alumnos.

Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende

Cine Forum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante as primeiras semanas do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.

Unha copia da programación (versión alumnado) quedará exposta e a disposición do alumnado na biblioteca do centro educativo (en formato papel o arquivo informático).

Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñéndoa no aula con todo o grupo. Unha vez finalizada a exposición o alumnado presente asinará a folia de rexistro facilitada polo profesor.